ORZAMENTO XERAL.
EXERCICIO 2021
MEMORIA CADRO DE PERSOAL 2021

O artigo 90.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local establece que corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Sinálase no apartado 2 do mesmo artigo que as Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Con referencia ó anterior, o artigo 74 da lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público dispón que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

Conforme dispón o artigo 69 do Estatuto Básico do Empregado Público, a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

O cadro de persoal que forma parte do proxecto de orzamentos municipais para 2021 responde á estrutura fixada na Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Ames, que foi aprobada no ano 2007 (acordo plenario de 13 de xaneiro de 2007, e publicada no BOP con data de 1 de febreiro de 2007). Con posterioridade ten sido obxecto de diversas modificacións puntuais, incorporándose as mesmas aos distintos orzamentos, a última modificación levouse a cabo no 2019 (9ª modificación).

No exercicio 2021 preténdese levar a cabo unha modificación da RPT: por unha banda para a creación dun posto de adxunto de intervención reservado a funcionarios de habilitación nacional e por outra para recoller o posto de informático (grupo B), derivado da sentenza 223/2020 de 27/11/2020, cuxas retribucións ata a creación do posto teñen reflexo no cadro de persoal laboral temporal.

En base aos antecedentes expostos os cadros de persoal estrutúranse da seguinte maneira:

1. Cadro de persoal funcionario: reflexa os postos desta natureza creados na RPT facendo constar o departamento e servizo no que se encadran, recollese en cada caso o código numérico que aparece na RPT.

   Así mesmo as retribución aparecen desglosadas en términos anuais por soldo, trienios, pagas extras e complementos tanto de destino como específicos.

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns concellodeames@concellodeames.org Telf: 981 883 002
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.org Fax: 981 883 925

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Recóllese un cadro de observacións que ven a aclarar o vínculo co concello segundo o decreto de adscrición de 30 de marzo de 2017 (resolución de alcaldía nº 774/2017).

2. Cadro de persoal funcionario por programas: Recóllense neste cadro aquelas retribución correspondentes aos traballadores/as que manteñen unha vinculación co concello de funcionario/a interino por programas e que foron adscritas temporalmente a algún posto do cadro de persoal funcionario. As retribucións recollidas son unicamente as dos trienios que lle corresponden xa que as retribucións totais anuais teñen o seu reflexo no cadro de persoal funcionario, identificase no apartado de observacións o código do posto ao que se atopan adscritas. Polo tanto, as retribucións anuais serán o resultado de sumar os retribucións recollidas no cadro de funcionario por programas (trienios) e as do posto co que se identifican no cadro de funcionarios.

3. Cadro de persoal laboral fixo: reflexa os postos desta natureza creados na RPT facendo constar o departamento e servizo no que se encadran, recollese en cada caso o código numérico que aparece na RPT.

   Así mesmo as retribución aparecen desglosadas en términos anuais por soldo, trienios, pagas extras e complementos tanto de destino como específicos.

   Recóllese un cadro de observacións que ven a aclarar o vínculo co concello segundo o decreto de adscrición antes mencionado.

4. Cadro de persoal temporal:

   Laborais:

A) Retribucións de traballadores/as que manteñen unha vinculación co concello laboral temporal por obra ou servizo determinado ou indefinidos non fixos por sentenza. Optouse por recoller unicamente neste cadro o importe dos trienios (como sucede co persoal funcionario interino por programas). A este persoal ao que se lle recoñece unha identidade funcional con algún posto recollido no cadro de persoal laboral fixo, fáiselle constar o código do posto de adscrición aos efectos retributivos. As súas retribucións anuais serán o resultado de sumar os retribucións recollidas no cadro de persoal laboral temporal (trienios) e as do posto co que se identifican no cadro de persoal laboral fixo. Tamén se recollen as retribucións do persoal declarado indefinido non fixo por sentenza cuxo posto ainda non foi creado na RPT.

B) Retribucións correspondentes aos traballadores/as que se ten previsto contratar a través para programas concretos (subvencionados ou non), e cuxo vínculo é temporal, é con carácter xeral de duración inferior ao ano Programa Aprol Rural, e Programa do Plan de Prevención de incendios (5 meses) .

   Funcionarios interinos por programa:

   Recollen as retribucións dos funcionarios vinculados a programas tales como:

   Programas EDUSI (1 auxiliar administrativo/a e 1 técnico/a contratación A2).
   Programa Reactiva Ames(1 auxiliar administrativo/a e 1 administrativo/a)

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Programa Ciclo Integral da Auga (1 técnico/a A2)
Programa extraordinario servizos Sociais POS 2021 (2 traballadores/as sociais e 1 auxiliar administrativo/a)

Incrementos retributivos en 2021.

No BOE de 31 de xaneiro de 2020, publicase a Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 e no seu artigo 18 contémplase a subida salarial que se vai aplicar aos empregados públicos das administracións estatal, autonómica e local, e tamén ao sector público empresarial, e que será efectiva desde o 1 de xaneiro de 2021.

Art. 18.2- No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto dos de 2020.

Art. 18.3-No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado anterior.

Art. 18.4-A masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima previsto no apartado Dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariales devengadas polo devandito persoal no ano anterior.

Deste xeito os cadros de persoal que acompañan ao orzamento xa recollen o incremento da masa salarial con respecto a 31.12.2020 do 0,9%.

Os incrementos do capítulo 1 mais alo do 0,9% responden ao seguinte :

- Á dotación de crédito para a creación dos seguintes postos:

DENOMINACIÓN POSTOS	TOTAL PRESUPOSTO CAPÍTULO 1(incluída seguridade social)
Informático (B)	40.482,81
Adxunto/a á intervención (A1)	61.400,41

A creación do posto de adxunto non supón incremento retributivo en términos homoxéneos segundo informes que constan no expediente .

No caso do informático é obrigatoria a súa creación en base ao establecido na Lei de emprego Público de Galicia.

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns concellodeames@concellodeames.org Telf: 981 883 002
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.org Fax: 981 883 925

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

- Así mesmo recóllense atrasos de persoal: derivados sentenzas e reclamacións de complementos persoais transitorios.
- O orzamento tamén recolle o incremento do CE acordado para a Policía Local polo Pleno 25 de abril de 2019. O acordo consistía en restablecer as retribucións minoradas ao persoal da policía local con ocasión da reclasificación profesional realizada ao abeiro da Lei de coordinación de policías locais do ano 2007, baseada en dous motivos: Por un lado, a minoración respondeu a un criterio de oportunidade e non a unha obriga legal polo que non sería necesario acudir a un expediente de revogación nin ningún outro tipo de procedemento de revisión de actos previos resultando suficiente a adopción de un novo acordo por parte de pleno no exercicio das súas competencias (fixación das retribucións complementarias do persoal funcionario). O incremento establecíase nun 0,33% en tres exercicios 2019,2020 e 2021. Polo tanto neste exercicio recollese o 0,33% adicional.

Horas extras/gratificacións e complementos por horas festivas ou nocturnas:

No orzamento 2021 consignáronse os seguintes importe:

	Importe
Compens. Policía festivos e nocturnos e distorsión	135.000,00 euros
H.E. Persoal laboral	18.860,00 euros
Gratificación	49.200,00 euros
Horas Complementarias	5.259,48 euros

Outros gastos:

Substitucións	**50.000,00** euros
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	30.000,00

A estrutura retributiva no orzamento no capitulo 1 para 2021 queda establecida da seguinte maneira:

Gastos de persoal	Importe
Anexo de funcionarios	2.399.641,96
Anexo de funcionarios por programas	213.990,18
Anexo persoal laboral fixo	3.364.197,89
Anexo persoal laboral temporal	115.369,29
Anexo persoal eventual	140.095,34
Anexo órganos de Goberno	400.443,50

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

Bolseiros	1.250,00
Substitucións de persoal	50.000,00
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	30.000,00
Atrasos persoal	45.579,74
Creación posto adxunto	48.788,53
Compensación Policía festivos e nocturnos	135.000,00
H.E. Persoal laboral	18.860,00
Gratificacións	49.200,00
Horas Complementarias	5.259,48
Seguros	6.300,00
Fondo de Acción Social	60.000,00
Seguridade Social	2.247.593,99
Total	**9.331.569,90**

Total capítulo I: 9.331.569,90 euros

Adecuación á Lei de Orzamentos Xerais do Estado do incremento da masa salarial.

A tenor das previsións contidas no Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, en liña co previsto en similares termos nos anos anteriores, analizaremos as prohibicións de incremento da masa salarial, entendendo que deben interpretarse, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Art. 18.2- No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2020 en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto dos de 2020.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO: 02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

Atendendo ao anterior no orzamento do exercicio 2021, non se establecen incrementos salariais con respecto ao orzamento de 2021 en términos de homoxeneidade.

O alcalde

José M. Miñones Conde

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4EC7C1EE2
POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC27872B2B9AE92F34890
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal